

Exposición
VIRXILIO VIEITEZ
22 outubro – 24 abril 2010

'O INSTANTE DETIDO'
Un programa educativo para escolares
Nivel: educación secundaria
De 12 a 16 anos

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Esta Guía é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada:

VIRXILIO VIEITEZ

Durante a visita abordaremos conceptos como o que significa o MARCO, cal é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos o concepto de exposición e explicamos o contido da mostra que van ver.

A visita e obradoiro de **Secundaria** ten unha duración aproximada de **1 hora e 15 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o teu grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos un percorrido pola exposición para desenvolver a **visita** en función das idades e dos contidos que se intentan transmitir. Procuramos conducila tratando en todo momento de conseguir o auto-descubrimento, formulando preguntas para que sexan eles mesmos os que ofrezan as respostas ao que están a percibir. Durante a visita a esta exposición centrarémonos en aspectos da educación artística, estética e emocional, utilizando as imaxes como pretexto para traballar a comunicación visual.

A experiencia complétase cun **obradoiro** no 'Laboratorio das artes', o noso espazo de didáctica no primeiro andar, onde os escolares de secundaria levan a cabo un proxecto artístico no que exploramos as posibilidades do retrato e a idea do 'instante detido'.

A exposición

A proposta do MARCO para esta tempada é unha exposición individual do fotógrafo galego **Virxilio Vieitez**. O seu traballo, analizado a posteriori, adquiriu un indubidable valor artístico e social pola confluencia de diversos xéneros e factores, que o sitúan hoxe entre os grandes da fotografía. Esta mostra retrospectiva ten lugar dous anos despois da súa morte e cando se cumpriría o octoxésimo aniversario do seu nacemento.

Virxilio Vieitez (Soutelo de Montes, Pontevedra, 1930-2008) viaxa aos 18 anos ao Pirineo Aragonés, onde traballa como mecánico e onde compra a súa primeira cámara fotográfica. Posteriormente trasládase a Cataluña, e empeza a traballar na localidade de Palamós como axudante do fotógrafo Juli Pallí, con quen aprende as claves do oficio. En 1955 regresa a Galicia e abre un estudio fotográfico no seu pobo natal, onde permanecerá ata a súa morte, traballando para clientes de toda a bisbarra de Terra de Montes, e retratando a xeracións enteiras de veciños, especialmente dende principios dos sesenta, cando se impón a obriga de incluír unha fotografía en carné de identidade. En pouco tempo converteuse no fotógrafo máis solicitado para reportaxes de cerimonias, vodas, retratos, preitos, funerais e bautismos, documentando coa súa cámara os momentos clave na vida das persoas e familias da súa contorna.

O seu estilo é inconfundible e as súas imaxes cheas dunha intensidade emocional que as diferencia do traballo de calquera outro fotógrafo. Aínda que traballa por encarga, cada imaxe supón un reto e logra que cada retrato se converta nunha historia, dotándoos dunha solemnidade e dignidade que traspasa a obra. A obra de Virxilio foi coidadosamente gardada nun arquivo que a súa filla Keta Vieitez, tamén fotógrafa, se encargou de dar a coñecer. Hoxe, máis alá da súa gran calidade e valor estético, considérase un retrato colectivo, unha historia en imaxes.

Paralelamente a esta mostra, o departamento educativo do MARCO ofrece unha programación dirixida a escolares e público familiar. **'O instante detido'** é o nome xenérico deste programa de actividades, visitas e talleres, que se presentan como un convite a observar, a aprender a mirar e a descubrir o que unha imaxe pode contarnos. Pretende ademais achegarnos ao mundo da fotografía, descubrindo as súas posibilidades como técnica artística.

Se desexas máis información sobre a exposición podes solicitala ao departamento didáctico, ou ben acceder a ela directamente na nosa web www.marcovigo.com. No apartado **EXPOSICIÓNS TEMPORAIS/+INFO** atoparás a síntese do proxecto expositivo, texto curatorial, información sobre o artista e imaxes da exposición. Tamén, na Biblioteca-centro de documentación do MARCO preséntase unha mostra bibliográfica sobre fotografía histórica como complemento á exposición.

Posibilidades didácticas

A importancia da educación visual nun mundo saturado de imaxes foi recoñecida pola UNESCO en 1982. Case trinta anos despois desta declaración, o mundo enfróntase cada vez máis a unha sobreesaturación de imaxes, estáticas ou en movemento, reais ou virtuais. Aínda así a fotografía non perdeu un ápice da súa maxia e fascínanos co seu encanto. Este programa procura traballar aspectos relacionados coa educación visual.

Baixo o título '**O instante detido**' fórmulanse distintas formas de captar e percibir a realidade a través do ollo dunha cámara, con especial atención ao xénero do retrato dentro da fotografía. O título fai referencia á capacidade do fotógrafo para fixar e captar un momento, pero tamén á posibilidade de deternos para observar e falar do que vemos, potenciando as nosas habilidades de observación. Trátase de reflexionar, analizar, describir, verbalizar... como medios para navegar nun mundo visual onde precisamente a saturación de imaxes dificulta a súa observación e análise. Estas actividades son un convite a descubrir o que unha imaxe pode contarnos, tratando a educación visual non como medio de produción senón como vía para unha mellor comprensión.

Por outra banda, as fotografías de Virxilio Vieitez, son un documento social e histórico e deben ser entendidas como tales. Permítenos viaxar no tempo e no espazo e trasladarnos a unha Galicia de mediados do século XX. As súas imaxes están cargadas de contido e fannos pensar sobre o paso do tempo, as diferenzas entre a vida urbana e a rural, a emigración e a identidade.

Finalmente interézanos reflexionar sobre aspectos formais e estéticos. Ao contrario que outros fotógrafos, Virxilio realiza traballos por encarga. Os seus traballos non se diferencian a priori dos encargos doutros tantos fotógrafos do momento. Non obstante a súa obra preséntase hoxe nun museo. Que é o que fai que se consideren obras de arte?

O programa '**O instante detido**' comprende tres partes complementarias: actividades (opcionais) antes da visita, **visita e taller** no museo, e actividades (opcionais) despois da visita. As actividades **anteriores** permiten abordar na aula conceptos prácticos para motivar e despertar o interese do alumnado, e unha vez no museo axudaranlles a seguir máis activamente o desenvolvemento da visita e taller. As actividades **posteriores** pretenden ampliar cuestións que xurdiron durante a visita; afondar nas ideas, temas ou conceptos que suxiren as obras, e desenvolver proxectos relacionados coa exposición que visitaron.

Exposición
VIRXILIO VIEITEZ
22 outubro – 24 abril 2010

'O INSTANTE DETIDO'
Un programa educativo para escolares
Nivel: educación secundaria
De 12 a 16 anos

Idades: de 12 a 16 anos

Conexión con materias

- Educación plástica
- Ciencias sociais, xeografía e historia

Obxectivos xerais

- Educar a mirada
- Aprender a ver e a falar dunha imaxe fotográfica
- Desenvolver actitudes de pensamento crítico
- Participar, comunicarse, traballar en equipo
- Explorar as posibilidades expresivas e narrativas da fotografía
- Analizar visualmente e esteticamente unha imaxe
- Valorar e respectar as diferenzas persoais, sociais e culturais
- Coñecer o MARCO e a súa función social, procurando despertar un interese polo patrimonio cultural, contribuíndo activamente ao seu respecto, conservación, divulgación e mellora

Habilidades e capacidades a desenvolver

- Percepción e observación
- Análise visual
- Pensamento lóxico
- Comunicación interpersonal
- Creatividade

Proposta didáctica

1. Actividades para antes da visita (OPCIONAL)
2. A visita á exposición
3. O obradoiro no MARCO
4. Actividades para despois da visita (OPCIONAL)

Actividades para antes da visita [OPCIONAL]

1. Os arquivos esquecidos

Tipo de actividade

Proxecto de investigación sobre a historia familiar

Duración

2 sesións de 50 minutos e proxecto extraescolar

Descrición

Na exposición que visitaremos no MARCO veremos a obra dun fotógrafo, Virxilio Vieitez, e assistiremos tamén ao seu descubrimento como artista, respectado e valorado hoxe como un grande mestre da fotografía. Ademais da calidade estética das súas fotografías, é o conxunto o que lles dá un valor especial, xa que se converteron na memoria visual dun pobo, nun documento histórico e social que nos fala da vida en Soutelo de Montes e en toda a bisbarra.

O seu traballo meticuloso permitiu gardar todas esas imaxes que hoxe adquiren un significado novo. A obra de Vieitez componse fundamentalmente de retratos, de aí que poidamos falar de "retrato colectivo dun pobo". Documenta acontecementos sociais, familiares e reflicte tamén un fenómeno que afectou aos pobos e aldeas de toda Galicia: a emigración.

Traballo de investigación: 'Os arquivos esquecidos'

Os arquivos familiares son unha fonte de recordos do pasado, que pasan de xeración en xeración e que, máis alá do seu valor anecdótico, transmiten coñecementos sobre persoas, lugares e tempos determinados.

Fotografías, obxectos e libros son ás veces esquecidos, e non fai falta máis que a nosa vontade de aprender deles para descubrir as historias que agochan.

Observa a imaxe que presentamos na seguinte **ficha de traballo (páx. 6)**:

FICHA DE TRABALLO



Observa a fotografía detidamente e fala do que ves:

- Quen é a persoa da fotografía?
- Onde está tomada a fotografía?
- Cal é o obxecto que se mostra?
- Por que cres que se decidiu mostralo?
- Que nos suxire a forma de presentar o obxecto?
- Por que cres que a señora se retrata con este obxecto e non con outro?
- Que datos nos achega esta imaxe sobre a vida da señora?
- Cal é a historia do obxecto?
- Con que fin cres que se fixo esta fotografía?
- Que podes dicir do lugar?
- Que máis podes contar?

A partir deste sinxelo exercicio inténtase poñer de manifesto a capacidade de “falar” dos obxectos e imaxes: abonda que os fagamos preguntas para que empecen a contar unha historia.

Durante a nosa visita á exposición de Vieitez desvelaremos moitas das historias persoais e sociais dos protagonistas das fotografías, pero agora propoñémosvos contar as vosas. Investiguemos no noso propio pasado, buscando nos “arquitos” familiares imaxes e obxectos que se converteron, ás veces sen querer, en historia das nosas familias. Trátase de que cada participante recompile toda a información posible, prepare unha presentación fotográfica e expoña o seu traballo aos seus compañeiros/as.

Os obxectos

Unha cunca de café, unha radio, un billete, un selo... todos os obxectos teñen unha historia detrás. Pensemos na importancia que ten un anaco de cerámica para un arqueólogo, ou unha peza de arado para un etnógrafo.

Os obxectos, ademais de proporcionar información sobre eles mesmos, son parte dunha historia humana e social. A cunca de café pode ser interesante polo seu deseño ou valiosa polo seu material, pero tamén é importante saber quen a usaba, de onde procede, que outros obxectos — hoxe perdidos— tiña ao seu arredor... Cales son os obxectos máis antigos que conserva a túa familia? Cal é a súa historia?

A memoria oral


Sen dúbida todas as familias teñen historias e non todas permanecen na memoria. Co tempo vanse perdendo e, se non tratamos de evitalo, nun par de xeracións nada quedará. Pode que os teus avós ou bisavós vivisen na cidade, ou nunha aldea, ou pasasen tempadas no campo. Trata de localizar ese lugar nun mapa; entrevista os membros de maior idade da túa familia, para elaborar a través das túas preguntas unha pequena historia familiar.

As fotografías

Nos álbumes familiares atoparemos fotos dos nosos antepasados. Investiga con axuda dun adulto a túa árbore xenealóxica, e a través desas fotografías reconstrúe a historia en imaxes da túa familia. Podes utilizar como guía o **modelo** que atoparás na **páx. 7**.

Reúne todos os obxectos, historias e fotografías nun traballo que, ademais de converterse nun documento familiar, pode ser un excelente agasallo para as festas familiares.

RECONSTRÚE A TÚA HISTORIA FAMILIAR



Intenta reflectir toda a información que atopas nun mural. A partir deste esquema podes ir incluíndo imaxes e textos como nomes, apelidos, lugar onde viviron, datas, fotos das súas casas ou pobos, anécdotas, fotografías de obxectos, e en xeral todo aquilo que consideres relevante para a túa historia familiar. Dedicamos unha sesión en clase a presentar a historia das nosas familias.

2. A emigración

Tipo de actividade

Proxecto de investigación e creación

Duración

2 sesións de 50 minutos [adaptable na súa duración, segundo necesidades ou posibilidades]

Introdución

A exposición que veremos no MARCO trasládanos a un período da historia de Galicia marcado por un acontecemento social que cambiará por completo as vidas dos galegos: a emigración.

Sen dúbida, algunhas das imaxes de Virxilio Vieitez fálannos deste importante fenómeno que supuxo unha cadea de acontecementos familiares e sociais extensibles a moitos outros pobos de Galicia. O propio Vieitez emigrou cando era moi novo en busca dunha vida mellor. Primeiro traballou nos Pireneos, e despois nun pobo catalán, Palamós, onde aprendeu o oficio de fotógrafo. Máis adiante volveu ao seu pobo natal e estableceuse profesionalmente como fotógrafo.

En moitas das súas fotografías reflíctese esa situación marcada pola emigración. As persoas do pobo retrátanse ante os impresionantes coches comprados co esforzo do traballo na emigración, estes “Haigas” que outorgaban aos seus donos un novo estatus social. Por outro lado, os obxectos vidos de América eran imaxe dun futuro de prosperidade anhelado por todos e que contrastaba cunha vida marcada polo atraso económico, con todo tipo de carencias, ás veces mesmo dos servizos máis elementais como luz ou auga.

Emigrar era prosperar, aínda que non sempre se podía pagar a pasaxe para o transporte a Ultramar. Se ben toda Galicia sufriu o fenómeno da emigración, na bisbarra de Terra de Montes foi especialmente intensa, sobre todo durante as décadas dos cincuenta e sesenta, con destinos como Brasil, Panamá, Arxentina, Venezuela e México.

Nesta actividade propoñemos un traballo de investigación sobre estes e outros aspectos relacionados coa emigración. Como punto de partida completaremos a seguinte **ficha de traballo (páx. 10)**.

FICHA DE TRABAJO



- Quen é a persoa da fotografía?
- Cres que o coche pertence á persoa retratada?
- Con que finalidade puido ser tomada esta fotografía?
- Por que escolle o fotógrafo este particular escenario?
- Que simbolizaban estes coches para as persoas da aldea?
- Quen tiña acceso a estes "Haigas"?
- Como cres que sería fotografada hoxe esta persoa?

Proxecto de investigación e traballo creativo

Investiguemos sobre o fenómeno da emigración, tratando de responder ás preguntas que se suxiren a continuación. Presentemos os resultados de forma creativa, a través dun mural ou colaxe onde intercalar preguntas e respostas con cifras, imaxes, e outros elementos como selos, cartas, pasaportes, mapas, etc. Intentemos un achegamento histórico, analizando as súas causas e consecuencias, pero sen esquecer que a emigración é tamén unha suma de historias persoais.

A emigración e inmigración son fenómenos que vivimos hoxe en día. Entrevista algunha persoa do teu barrio que tivo que abandonar o seu país para vir a vivir á túa cidade, e conta a súa historia. Por que marchou?, como era a súa vida alí?, como se sente? a que se dedica?...

As seguintes preguntas fórmulanse como unha guía orientativa, pero podemos amplialas, reducilas ou modificalas segundo o enfoque que cada un queira dar ao seu proxecto.



Manuel Ferrol. *Sen título*, 1957

- Cando e ata cando se produce a emigración en Galicia?
- Que destinos eran os preferidos dos galegos?
- Que razóns levan a unha persoa a deixar atrás a súa familia?
- Que consecuencias tivo a emigración nos pobos galegos?
- Cres que a emigración é un fenómeno do pasado?
- Como se senten as persoas que chegan a outro país?
- Coñeces a historia dalgún emigrante?
- Que obxectos levarías na túa maleta se tiveses que emigrar?
- Que é a "morriña"?

VISITA E OBRADOIRO NO MARCO Educación Secundaria

A visita á exposición

Durante a visita abordaremos conceptos como que é o MARCO, cal é a súa función, e que tipo de actividades realiza. Introducimos o concepto de exposición, explicando o contido da que van ver.

O noso obxectivo é contribuír á educación visual do alumnado e desenvolver neles as habilidades necesarias para 'ler' unha imaxe. A través da obra de Virxilio Vieitez aprenderemos a ver unha fotografía, pero tamén a interpretala e a apreciar o seu valor artístico.

Analizaremos as fotografías dende o punto de vista histórico e social, valorándoas como fonte de información que nos achega datos sobre un lugar e un tempo determinados.

O obradoiro no Laboratorio das Artes

Reinvéntate!

No 'Laboratorio das Artes', o espazo de didáctica situado no 1º andar, a aprendizaxe desenvólvese de forma activa, ofrecendo a posibilidade de actuar dende o punto de vista do artista. Neste caso a proposta consiste en explorar a identidade e traballar nun autorretrato. Pintura e fotografía foron técnicas tradicionalmente utilizadas para retratar. Neste taller propoñemos aos participantes utilizar ambas as dúas nun proxecto de representación da súa identidade.

Actividades para despois da visita [OPCIONAL]

1. *Detendo instantes*

Tipo de actividade

Proxecto de creación dunha reportaxe fotográfica

Duración

A determinar polo/a profesor/a. É interesante desenvolver esta actividade en polo menos 3 sesións de traballo ou como proxecto extraescolar.

Descrición

O proxecto que se presenta a continuación parte da idea de entender a fotografía como a capacidade para deter un instante, e para que a través dese instante alguén poida contar unha historia.

Na nosa visita á exposición de Virxilio Vieitez descubrimos, entre outras cousas, as posibilidades narrativas das imaxes. Non é difícil observar as fotografías dos veciños de Soutelo e imaxinalos vestindo as súas mellores galas e coa emoción de saber que esa imaxe, ese instante, quedaría para sempre detido no tempo. Pero ademais estas imaxes eran testemuño das duras condicións de vida, das súas ilusións e aspiracións. Virxilio converteuse no cronista dun lugar e as súas imaxes son como ventás dende as que podemos asomarnos a coñecer as vidas dos seus habitantes. Asistimos non só ao descubrimento destas persoas, todas elas protagonistas, senón tamén ás súas celebracións familiares, acontecementos sociais, sucesos, e mesmo á chegada dun circo. Este retrato colectivo transpórtanos a un momento e un lugar determinados, e algo así é precisamente o obxecto desta actividade.

O proxecto

Durante unha semana, os participantes converteranse en fotógrafos e traballarán sobre un proxecto por encarga, que consiste en realizar un "retrato colectivo do lugar no que vivimos".

O obxectivo final será dar a coñecer un lugar e un tempo a través das fotografías realizadas. Para comezar é importante planificar o traballo, e iso virá determinado polo lugar de residencia dos participantes.

METODOLOXÍA

0. Presentación

O proxecto consiste en realizar unha exposición de fotografías cunha temática concreta: mostrar a través de imaxes o lugar no que vivimos. Trátase dun traballo en grupos, e cada equipo achegará unha serie de imaxes para a exposición que se sumarán ás dos outros grupos para obter o resultado final.

1. Organización en grupos de traballo

Dividimos a clase en grupos de tres ou catro persoas. Cada equipo estará encargado dun tema, ofrecendo polo tanto unha perspectiva diferente á que se irán engadindo as dos outros equipos.

2. Selección de temas

Debatemos sobre os temas a tratar. Intentaremos ofrecer unha visión o máis global posible do lugar en que vivimos, así que temos que pensar qué temas incluír no noso "retrato colectivo".

Que temas son clave para retratar a sociedade que nos rodea?: a economía, o consumo, a familia, o desemprego, a emigración, o ocio, o deporte, a educación, o transporte, as relacións sociais, a relixión... todos eles ofrecen posibles enfoques, pero debemos pensar se son ou non representativos do lugar no que vivimos.

3. Elaboración das reportaxes

Unha vez definido o tema de traballo de cada un dos grupos, organizámonos para levar a cabo o traballo. Que é o que queremos transmitir? ¿como o imos contar?. Cada equipo disporá dun tempo máximo dunha semana para a elaboración das súas reportaxes.

4. O instante detido

Como podemos conseguir unha boa imaxe? Chegados a este punto, reflexionaremos sobre os aspectos estéticos e narrativos que destacabamos das fotografías da exposición. Cales eran ao voso xuízo as mellores? Por que?

Non sempre conseguiremos unha imaxe que conte algo, que deteña un instante. Posiblemente as primeiras fotografías non sexan o suficientemente claras, directas e narrativas, para consideralas válidas para expoñer. Lograr unha boa imaxe leva o seu tempo. O máis recomendable é facer unha primeira tiraxe e analizar os resultados. Quizais algunha das fotografías nos guste e nos indique o camiño a seguir.

5. Selección de fotografías

Non se trata de expoñer todas as fotografías. Tan importante é a elaboración da reportaxe como a selección das imaxes. Cada equipo deberá analizar cada fotografía por separado e en relación co conxunto. Busquemos imaxes claras, sinxelas e con mensaxes que cheguen, que consigan captar a atención do espectador.

A importancia deste proceso é moi grande pois debemos escoller 10 fotografías que resuman o noso traballo e que se presentarán en exposición. Recordemos o que aprendemos das fotografías de Virxilio, nas que tan importante era o que se vía como o que se podía intuír.

6. Montaxe da exposición

É o momento de dar a coñecer o noso traballo. Decidimos o lugar onde expoñer as fotografías (impresas sobre papel, en carteis, nun mural, nunha proxección...) e como imos realizar a montaxe. De novo reunímonos todos os grupos para chegar a un acordo sobre a mellor forma de presentación. A montaxe debe axudar ao público a entender o sentido do noso proxecto; doutra forma só será unha sucesión de imaxes sen un sentido aparente.

7. A exposición

É o momento de ver os resultados, pero tamén de contar as historias que se esconden tras as fotografías. A exposición é unha oportunidade para analizar as imaxes e ver como cada grupo achega unha visión única e diferente, que enriquece o conxunto. Analicemos o traballo de cada grupo por separado e seleccionemos entre todas as imaxes máis interesantes.

Detrás das fotografías agóchanse moitas historias; en ocasións son anécdotas, e outras veces grandes historias persoais que dan vida a eses instantes detidos.

2. A última cea

Tipo de actividade

Estudio dunha obra pictórica e realización dunha versión fotográfica

Duración

1 sesión de 50 minutos e traballo extraescolar

Descrición

Introdución

Un dos obxectivos deste programa é aprender a ler e extraer información dunha imaxe. Á hora de analizar unha imaxe debemos reflexionar sobre cuestións formais e estéticas como composición, perspectiva, ou utilización da luz; aspectos que preocuparon aos artistas ao longo da historia.

Dende os inicios da fotografía debatíase se esta nova forma de expresión debía ser considerada ciencia ou técnica. Algúns artistas, apaixonados polo novo invento, esforzábanse por dar ás súas obras un aspecto pictórico.

Fotografía artística, pictorialismo, dinamismo, novo realismo... son algunhas das correntes estéticas ou estilos que poñían énfase en diferentes aspectos técnicos ou creativos. A fotografía artística foi un estilo seguido por un grupo de fotógrafos británicos entre 1850 e 1870, que se esforzaban por dar ás súas obras aparencia de pinturas. Oscar Rejlander foi un dos seus representantes máis coñecidos.

Investiguemos na web sobre Oscar Rejlander e localicemos estas obras que representan a versión fotográfica e pictórica dun mesmo tema:



Oscar Rejlander. *Los dos caminos de la vida*, 1857



Thomas Couture. *Los romanos de la decadencia*, 1847

Continuemos a investigación buscando exemplos de autores e obras doutras correntes como pictorialismo, dinamismo, novo realismo... correntes estéticas denominadas clásicas. A continuación buscaremos información sobre correntes estéticas modernas na fotografía, como a abstracción ou o surrealismo, sobre os seus autores e características.


Proxecto

Nesta actividade propoñemos realizar versións fotográficas dunha obra pictórica. Dividiremos a clase en dous ou tres grupos e pedimos a cada grupo que seleccione unha obra pictórica, para realizar unha versión fotográfica. Estas novas visións poden ser fieis ao tema orixinal ou formular novas propostas. Poden actualizar a escena a través do vestiario ou mesmo explorar novas localizacións en interiores ou ao aire libre. Un dos integrantes do grupo converterase en director do proxecto, e será o encargado de organizar todo o necesario e de tomar a fotografía.

Estudamos outros clásicos da pintura cos que realizar adaptacións, e presentamos os resultados do noso traballo no que sen dúbida será unha interesante exposición de fotografía.

Propoñemos a xeito de exemplo unha obra ben coñecida por todos e da que se fixeron innumerables versións tanto pictóricas como fotográficas:

Leonardo da Vinci. *A última cea*, 1495-1497



Un grande artista como Leonardo dá Vinci bríndanos excelentes exemplos como o desta pintura mural, na que escolleu un momento de especial dramatismo para realizar un retrato colectivo dos doce apóstolos que acompañan a Jesús de Nazaret. Ademais dun completo estudio de perspectiva, o artista presenta un estudio psicolóxico dos personaxes, que a través da expresión dos seus rostros, da posición do corpo, e en especial das súas mans, ofrecen as súas respostas á frase do personaxe central: "Un de vós vaime traizoar". Nesta obra, Leonardo parece adiantarse ao nacemento da fotografía e consegue "deter un instante" de gran dramatismo.

SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, ou da web www.marcovigo.com, á atención de:

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Departamento Didáctico
Príncipe 54
36202 Vigo
Tel. +34 986 113900
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com
www.marcovigo.com

Pedro A. Cordón Casais
Asesor e autor do programa educativo